



Secc. Sindical PSA-Peugeot-Citroën

REUNION

COMITÉ DE EMPRESA 14/05/10

O pasado venres celebrouse unha reunión do Comité de Empresa para tratar os seguintes temas:

1.-A petición da Sección Sindical de CC.OO : Despidos efectuados a partir do Expediente de Regulación de Empleo, ratificado o 9 de xuño de 2009.

2.-A petición da Sección Sindical da C.I.G.: Acordo asinado en febreiro de 2007 sobre "Evolución de xornada dos contratos indefinidos a Tempo Parcial.

A Respecto do 1º punto, e con independencia de que o Comité de Empresa como órgano colexiado deba estar informado de todos estes expedientes, a C.I.G. manifesta que:

As "Baixas Voluntarias" que, con diferentes modalidades, viñeron aplicándose con maior ou menor intensidade dende principios dos anos 80, a C.I.G. non lle consta haber formulado durante estes anos ningunha petición de despidos pactados, a pesar deso, fomos sempre respectuosos para con tódolos traballadores e traballadoras que voluntaria e libremente decidiron acollerse a esta fórmula para deixar a fábrica. Sabemos tamén, que entre este colectivo están aqueles compañeiros/as que tendo algunha patoloxía, esta non lles alcanzaba para ter acceso a unha invalidez.

Finalmente, a C.I.G., o tempo de reiterar de que se corrixa esta información para con este Órgano, non ten ningún interese en coñecer o nome destas persoas, en todo caso, formulamos o do número de compañeiros/as que dende o ano 2000 causaron baixa na fábrica por esta modalidade.

No segundo punto, unha vez que van transcorridos 3 anos das primeiras novacións dos contratos a Tempo Parcial Indefinidos de 4 a 8 horas con cláusula de variabilidade, acéptase por unanimidade o pedirlle a Dirección que unha vez transcorrido este tempo, debérase acordar unha fórmula para ir poñendo, por orden de antigüidade, data de caducidade a esta cláusula.

Confederación Intersindical Galega